

ANXOS SUMAI

Así nacen as baleas é o título da novela coa que Anxos Sumai gañou a pasada edición do Premio Repsol, unha obra coa que esta autora *de culto* revoluciona a súa escrita. A obra, que se presenta a semana próxima na Fundación Luis Seoane da Coruña, é a historia dunha liberación persoal dentro dun contorno familiar, co telón de fondo do mar e unha prosa marcada polo simbolismo e a metáfora. *Así nacen as baleas*, que aborda a recuperación da memoria, é formalmente a primeira novela desta escritora que se deu a coñecer en internet e que recolleu algúns dos máis recoñecidos éxitos editoriais dos últimos anos coa edición en papel do seu blog, incluído no portal do Consello da Cultura Galega. Para Sumai, *Así nacen as baleas* é a recuperación dunha serie de obsesións que a acompañan desde que comezou a escribir, hai máis de vinte anos: a crueldade gratuíta, a violencia e tamén o sexo.

